

Servizo de COMERCIO

CONCELLERÍA
DE
PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO,
PARTICIPACIÓN CIDADÁ E DISTRITOS

CONCELLO
DE VIGO



EXPEDIENTE: 5279/106

TIPO EXPTE: CONTRATO MIXTO

SOLICITANTE: COMERCIO

PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS POLO QUE SE REXERÁ A CONTRATACIÓN DA EXPOSICIÓN DUN BELEN MONUMENTAL DURANTE A CAMPAÑA DO NADAL 2018-2019 NA CASA DAS ARTES DE VIGO

ÍNDICE

1. OBXECTO DESTE PREGO

2. ALCANCE

2.1. DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES

2.2. DATAS E HORARIOS DE FUNCIONAMENTO

2.3. EXPOSICIÓN BELENÍSTICA. DESENVOLVEMENTO MONUMENTAL

2.4. EXPOSICIÓN FOTOGRAFÍA EN SALA ANEXA

2.5. ILUMINACIÓN

2.6. SON

2.7. DECORACIÓN SALA

2.8. SINALIZACIÓN SALA

2.9. PUBLICIDADE DO EVENTO

2.10. CONTROL NA EXPOSICIÓN

2.11. MANTEMENTO DURANTE A EXPOSICIÓN

3. ANEXO FOTOGRÁFICO

4. PLANO

1. OBXECTO DESTE PREGO

O presente prego de prescricións técnicas ten por obxecto rexer o subministro, instalación, vixilancia e mantemento dun Belén Monumental e unha exposición fotográfica, na Campaña do Nadal 2018-2019, así como o control de accesos á exposición situada no edificio municipal da Casa das Artes.

2. ALCANCE



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 07/03/2018 13:20

Páxina 1 de 13

Aprobado en Xunta de Goberno do 06/03/2018

CSV: 22EC4-8825A-42C2B-5D332

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Servizo de COMERCIO

CONCELLERÍA
DE
PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO,
PARTICIPACIÓN CIDADÁ E DISTRITOS

CONCELLO
DE VIGO



O alcance do contrato deberá levar a cabo as seguintes actuacións:

2.1. DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES

- a) Montaxe e desmonte de tódolos elementos que forman parte do Belén e das súas instalacións anexas de forma coordinada cos técnicos da Casa das Artes.
- b) Realización de tarima expositiva en carpintería segundo as dimensións máximas de 14m x 7m x 0,80 m, pintada en cor a definir e coa suficiente resistencia para a montaxe e acceso a persoas enriba para o mantemento e practicable na súa parte inferior para as instalacións necesarias (electricidade, auga,...).
- c) Vixilancia da exposición.
- d) Mantemento da exposición e instalacións.
- e) Control de accesos e seguimento de grado de satisfacción dos usuarios.
- f) Seguro de responsabilidade civil para as persoas e materias durante a instalación, montaxe e desmonte e exposición do Belén.
- g) Seguro de responsabilidade civil para os visitantes durante a exposición.
- h) Asesoramento técnico e conceptual para a difusión da exposición.
- i) Tódolos materiais e medios persoais, durante o montaxe, desmonte e mantemento, correrán por conta do adxudicatario garantindo o perfecto funcionamento da exposición.
- j) Incluirá a limpeza despois do montaxe e do desmonte.
- k) Non estará incluído o pago da enerxía eléctrica para o funcionamento da exposición nin o aluguer das salas, que correran por conta do Concello de Vigo.
- l) Deberase elaborar un plan de seguridade e de montaxe para entregar ao servizo de Comercio antes da montaxe da exposición. Todos os traballos a realizar no interior e exterior do edificio deberanse coordinar cos técnicos do Edificio da Casa das Artes.
- m) O Concello de Vigo non se responsabiliza dos danos que poidan sufrir os diversos elementos da exposición, efectuados por terceiros.

2.2. DATAS E HORARIOS DE FUNCIONAMENTO

As datas previstas da exposición serán dende o 25-11-2018 ao 6-1-2019, ambos incluídos.

Os horarios da exposición serán os seguintes:

De luns a xoves: de 17:00h a 21:00h.

Venres, sábados, domingos e festivos: de 11:00h a 14:00h e de 17:00h a 21:00h.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 07/03/2018 13:20

Páxina 2 de 13

Aprobado en Xunta de Goberno do 06/03/2018

CSV: 22EC4-8825A-42C2B-5D332

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Servizo de **COMERCIO**

CONCELLERÍA
DE
PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO,
PARTICIPACIÓN CIDADÁ E DISTRITOS

**CONCELLO
DE VIGO**



A montaxe comenزارase 15 días antes da data de comenzo da exposición, e o desmonte será a partir do día seguinte a finalización, cunha duración máxima de cinco días.

Estas datas e horarios poderanse alterar puntualmente dependendo das necesidades da exposición.

No caso de unha posible ampliación de horarios da exposición, o contrato contemplará unha bolsa de 30 horas, para ampliar as franxas horarias establecidas tanto para días laborais coma festivos, sempre a decidir polo servizo de Comercio.

2.3. EXPOSICIÓN BELENÍSTICA. DESENVOLVEMENTO MONUMENTAL

Para o aproveitamento máximo das posibilidades da sala de exposicións, o Belén monumental deberá contemplar unhas medidas máxima de 14m de longo por 7m de ancho, coas esquinas en chaflán como pódese ver nos planos que se achegan.

Nesta zona expositiva de case 100 metros cadrados, crearase un recorrido expositivo que aloxará a escenografía de forma que englobe as diferentes escenas centrando cada unha delas unha ambientación arquitectónica diferentes para dar o carácter e protagonismo aos episodios evanxélicos.

Como mínimo se representarán as seguintes pasaxes, ambientes e oficios:

Pasaxes:

- Visitación de María a Isabel.
- A fonte de María en Nazaret.
- Anunciación de María.
- Anunciación aos pastores.
- Camiño de Belén.
- Natividade de Xesús.
- Adoración dos pastores.
- Camiño de Exipto, a fuxida da Sagrada Familia.
- Caravana dos Magos de Oriente.

Ambientes e oficios:

- Lavadoiro.
- Mercado de especies.
- O tear.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 07/03/2018 13:20

Páxina 3 de 13

Aprobado en Xunta de Goberno do 06/03/2018

CSV: 22EC4-8825A-42C2B-5D332

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Servizo de COMERCIO

CONCELLERÍA
DE
PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO,
PARTICIPACIÓN CIDADÁ E DISTRITOS

CONCELLO
DE VIGO



- O taller de Xosé o carpinteiro.
- Pastoreo.
- O curtidor.
- A torre dos pastores.
- A caravana e mercado de gando.
- O ferreiro na fragua.
- O cesteiro.
- O panadeiro.
- O alfareiro.
- Mercado de cerámica.
- O escriba.
- As tendas dos beduínos.

A tarima expositiva facilitará a correcta visibilidade dos decorados e figuras (con 0,80m de altura máxima) dende a parte baixa. Ademais de procurar a distancia de seguridade oportuna co público. Dende os laterais da tarima se poderá ir ascendendo ata unha altura máxima de 2,5m para poder ter unha visión piramidal de toda a exposición durante todo o recorrido, sobre todo para os mais pequenos, e ter unha visión de todas as escenas en diferentes planos.

O tamaño das figuras será variable para compoñer os efectos de perspectiva, tendo de referencia unha altura media de persoa adulta de pé en primeiro plano dende 25 cm coma mínimo, e o resto das figuras e construcións da exposición a escala.

A arquitectura expositiva e a imaxinería da exposición irá pintada en tons o máis reais posibles, e as vestimentas co máximo detalle realista.

O atrezzo é clave para ambientar as diferentes escenas que se deben recrear: cerámicas, apeiros de labranza, ferramenta de diversos oficios,... se deben mostrar co maior rigor histórico.

Recrear a natureza e moi importante e se lle debe dar un valor especial a elementos coma a auga en movemento sonoro e visual, as montañas, os camiños de area e pedras, a natureza, árbores simuladas, matorrais,..

Poderase dotar a diferentes elementos arquitectónicos ou figuras de movemento mediante motores eléctricos.

Na exposición monumental belenística deberanse integrar polo menos 10 elementos locais representativos e identificativos de diversas parroquias que conforman o Concello de Vigo, a definir



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 07/03/2018 13:20

Páxina 4 de 13

Aprobado en Xunta de Goberno do 06/03/2018

CSV: 22EC4-8825A-42C2B-5D332

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Servizo de COMERCIO

CONCELLERÍA
DE
PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO,
PARTICIPACIÓN CIDADÁ E DISTRITOS

CONCELLO
DE VIGO



polo servizo de Comercio. Como exemplo se indican os seguintes representados na exposición do ano 2017: unha lonxa de pescado ambientada na época romana da zona de Berbés, a porta románica da igrexa de Bembrive, a fonte principal de Castrelos, o dolmen da parroquia de Candean. os petróglifo da parroquia de Matamá...

2.4. EXPOSICIÓN FOTOGRAFÍA EN SALA ANEXA

Para acompañar a exposición belenística e dotar dun carácter instrutivo e pedagóxico á exposición, realizarase paralelamente unha exposición fotográfica comentada na sala anexa na planta baixa. Con esta exposición pretendese reforzar as escenas representadas no Belén e explicar detalles e aspectos de interese.

Nesta sala anexa expoñerase unha colección de fotografías do belén a instalar onde se recolleran as máis importantes e representativas, explicando parte da historia e costumes da época. As fotografías terán un tamaño aproximado de 600 mm x 850 mm en cor e alta calidade, que quedarán en propiedade do Concello de Vigo. O número mínimo de fotografías será de 30 unidades e reproducirán escenas do belén instalado, tales como pasaxes bíblicos, oficios, construcións, elementos locais de Vigo...

A carón de cada fotografía estará unha explicación da mesma en tamaño de letra visible para o visitante e en tamaño A4.

Esta exposición contemplará unha iluminación puntual de ditas fotografías, sen que esta iluminación inflúa negativamente na exposición principal do Belén.

2.5. ILUMINACIÓN

Para maximizar a recreación da exposición, deberase ter moi en conta a iluminación da mesma atendendo as diferentes tipoloxías de iluminación a contemplar durante a exposición:

- Iluminación ambiental: esta constará da iluminación da cúpula existente na sala de exposicións, cúpula de cor beige, onde se recreará o día e a noite de maneira dinámica por espazos inferiores a cinco minutos, durante os cales o espectador poderá vivir o paso do día a noite, orto e ocaso, sol e estrelas,...mediante proxección dinámica RGB e proxección de imaxes, que se reproducirán en bucle durante toda a exposición.
- Iluminación de acento: este aspecto incluírá a iluminación focalizada en diferentes escenas ou espazos de interese para a exposición, coma pode ser o nacemento ou esculturas a realzar.
- Iluminación interior: con esta iluminación pretendese dar calor no interior das construcións, color lume de quecemento que simula o lar ou luz necesaria para a realización dunha tarefa dun oficio.
- Iluminación de sala: necesaria para funcións de seguridade en entrada e saída da exposición, acceso a aseos, que non viole a exposición, polo que terá que reducir o seu impacto.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 07/03/2018 13:20

Páxina 5 de 13

Aprobado en Xunta de Goberno do 06/03/2018

CSV: 22EC4-8825A-42C2B-5D332

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Servizo de COMERCIO

CONCELLERÍA
 DE
 PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO,
 PARTICIPACIÓN CIDADÁ E DISTRITOS

**CONCELLO
DE VIGO**



- Iluminación expositiva: será a iluminación necesaria a dotar á sala anexa para a exposición fotográfica, e que non interrompa coa exposición principal do belén.

Todo este tipo de iluminación deberá estar contemplada durante a exposición, incluíndo a súa montaxe, desmonte, soportes, cabreado, cadros de conexións e control, e mantemento en correcto funcionamento durante a duración da exposición.

2.6. SON

Para maximizar a recreación da exposición, deberase ter moi en conta a musica ou sons reproducidos durante a mesma atendendo as diferentes escenas representadas e ao transito do día a noite recreado, que se reproducirán en bucle durante toda a exposición.

- Sons diúrnos: oficios, animais diúrnos, xente,..

- Sons nocturnos: animais nocturnos

- Sons natureza: auga, vento, ...

- Música de acompañamento: recreación de música da época.

Todo este tipo de acústica deberá estar contemplada durante a exposición, incluíndo a súa montaxe, desmonte, soportes, cabreado, cadros de conexións e control e mantemento en correcto funcionamento durante a duración da mesma.

2.7. DECORACIÓN SALA

A sala de exposicións deberá decorarse de acordo coa exposición atendendo a diferentes tipos de actuacións:

- Paredes de sala. Deberán plasmarse vinilos de recorte con lendas, títulos, imaxes e cores a decidir coa propiedade, dun tamaño aproximado en paredes laterais duns 6x2 m, e en paredes de fondo de 3x2m. Pódese ver nos planos anexos á situación formulada.

- Macizos vexetais decorados do Nadal no interior e no acceso. Cada macizo vexetal estará formado por vexetación natural de porte dende 1,5m ata 3m sobre xardineiras estéticas con motivos do Nadal e iluminación elegante e discreta. Pódese ver a situación destes macizos en planos.

Toda esta decoración deberase instalar e desinstalar sen danar os elementos da sala sobre os que se instale, e deberá estar en perfectas condicións durante toda a exposición.

Tódolos deseños deberán estar aprobados polo servizo municipal antes da súa fabricación e instalación.

2.8. SINALIZACIÓN SALA



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 07/03/2018 13:20

Páxina 6 de 13

Aprobado en Xunta de Goberno do 06/03/2018

CSV: 22EC4-8825A-42C2B-5D332

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Servizo de COMERCIO

CONCELLERÍA
DE
PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO,
PARTICIPACIÓN CIDADÁ E DISTRITOS

CONCELLO
DE VIGO



A sala de exposicións deberá sinalizarse para garantir a seguridade no uso dos visitantes, para garantir a integridade propia da exposición e realizar as indicacións oportunas na exposición. Polo que deberán instalarse:

- Letreiros indicadores. Deberanse instalar na exposición rótulos adhesivos indicando as escenas a destacar.
- Letreiros informativos. Ademais deberanse colocar letreiros no mesado indicando PROHIBIDO TOCAR E APOIARSE.
- Sinalización do percorrido. Deberanse instalar no chan a sinalectica da dirección do percorrido dende a entrada ata a saída. Inclúranse tamén os rótulos de indicacións necesarios na entrada e na saída. Tamén incluír os postes separadores con cinta retráctil necesarios para dirixir aos visitantes de entrada a saída.
- Punto de toma de fotos. Deberase marcar no chan o punto mais interesante para a toma de fotos da exposición.

Toda esta sinaléctica deberase instalar e desinstalar sen danar os elementos da sala sobre os que se instale, e deberá estar en perfectas condicións durante toda a exposición.

Tódolos deseños deberán estar aprobados polo servizo de Comercio antes da súa fabricación e instalación.

2.9. PUBLICIDADE DO EVENTO

De cara a promocionar o evento e de que sexa visible dende o exterior da edificación que albergará a exposición, se deberá:

- Instalación de lonas en fachada. Deberanse deseñar, construír e instalar tres lonas na fachada de dimensións 6x2m para intemperie, e ancoradas nos enganches existentes para tal fin.
- Roll-up de exposición na entrada: Deberanse deseñar, construír e instalar dous roll-up para poñer na entrada da exposición, na porta de entrada ao edificio, de dimensións 850x2000m plastificado, a cor e que se sustente correctamente en vertical por si mesmo.
- Marcapáxinas do evento. Se deseñaran e elaborarán uns 10.000 marcapáxinas plastificados (24cm x 4cm) para entregar a modo de difusión do evento nas instalacións e a entidades que considere o Concello de Vigo. O reparto desta publicidade correrá a cargo do Concello de Vigo.

Toda esta publicidade deberase instalar e desinstalar sen danar os elementos da sala sobre os que se instale, e deberá estar en perfectas condicións durante toda a exposición.

Tódolos deseños deberán estar aprobados polo servizo de Comercio antes da súa fabricación e instalación.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 07/03/2018 13:20	Páxina 7 de 13
Aprobado en Xunta de Goberno do 06/03/2018	CSV: 22EC4-8825A-42C2B-5D332	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

Servizo de COMERCIO

CONCELLERÍA
 DE
 PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO,
 PARTICIPACIÓN CIDADÁ E DISTRITOS

**CONCELLO
DE VIGO**



2.10 .CONTROL NA EXPOSICIÓN

Para garantir unha correcta utilización da exposición de forma permanente, deberanse realizar as seguintes tarefas durante a exposición:

- Vixilancia permanente da exposición durante o horario de visitas.
- Control e contaxe de número de visitantes. Este rexistro se remitirá nun ficheiro cada día aos técnicos municipais.
- Instalación e supervisión dun sistema de medición do grado de satisfacción na saída da exposición. Os resultados serán enviados nun ficheiro cada día aos técnicos municipais do Servizo de Comercio.

2.11. MANTEMENTO DURANTE A EXPOSICIÓN

Para garantir un correcto funcionamento da exposición e moi importante o seu mantemento permanente, polo que se deberán realizar as seguintes tarefas durante a exposición:

- Control e mantemento das instalacións, atendendo á iluminación e ao son. Este rexistro se remitirá nun ficheiro cada día aos técnicos municipais do Servizo de Comercio, indicando as incidencias constatadas e a solución realizada.
- Mantemento das escenas e elementos da representación. Incluindo como tarefas importantes as seguintes: Recolocación de posibles pezas caídas ou movidas, pulverizar con auga n musgo ou vexetación natural existente, vixiar o nivel da auga como elemento natural da exposición, vixiar o movemento das figuras que foron deseñadas para tal fin.

Ante calquera incidencia na exposición tal coma a instalación de iluminación, son, elementos da exposición, elementos decorativos,... se deberá dar resposta inmediata, cun máximo de 24 horas para reposicións de elementos.

Serán por cota do adxudicatario todos os medios que sexan necesarios para a correcta prestación do servizo a desenvolver.

2.12. A LINGUA

De conformidade coa ordenanza de normalización lingüística do Concello de Vigo, empregarase a lingua galega nos distintos soportes de difusión, promoción, publicidade, lendas e demais textos da actividades.

3. ANEXO FOTOGRÁFICO

A continuación amósase unha reportaxe fotográfica da exposición do ano 2017, onde se poden apreciar as diferentes zonas da exposición e diversos elementos, a título orientativo.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 07/03/2018 13:20

Páxina 8 de 13

Aprobado en Xunta de Goberno do 06/03/2018

CSV: 22EC4-8825A-42C2B-5D332

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Servizo de COMERCIO

CONCELLERÍA
DE
PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO,
PARTICIPACIÓN CIDADÁ E DISTRITOS

CONCELLO
DE VIGO




Ilustración 1: L

A BELÉN



Ilustración 3: DETALLE ANCORAXE ILUMINACION
AMBIENTAL



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 07/03/2018 13:20

Páxina 9 de 13

Aprobado en Xunta de Goberno do 06/03/2018

CSV: 22EC4-8825A-42C2B-5D332

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Servizo de COMERCIO

CONCELLERÍA
DE
PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO,
PARTICIPACIÓN CIDADÁ E DISTRITOS

CONCELLO
DE VIGO



Ilustración 4: VINILOS TIPO PAREDE



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 07/03/2018 13:20

Páxina 10 de 13

Aprobado en Xunta de Goberno do 06/03/2018

CSV: 22EC4-8825A-42C2B-5D332

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Servizo de COMERCIO

CONCELLERÍA
DE
PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO,
PARTICIPACIÓN CIDADÁ E DISTRITOS

CONCELLO
DE VIGO



Ilustración 5: CARTEL INDICADOR TIPO



Ilustración 7: DETALLES ELEMENTOS NATUREZA



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 07/03/2018 13:20

Páxina 11 de 13

Aprobado en Xunta de Goberno do 06/03/2018

CSV: 22EC4-8825A-42C2B-5D332

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Servizo de COMERCIO

CONCELLERÍA
DE
PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO,
PARTICIPACIÓN CIDADÁ E DISTRITOS

CONCELLO
DE VIGO



Ilustración 8: DETALLE ROTULACIÓN ESCENAS



Ilustración 9: DETALLE ADORNOS SALA



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 07/03/2018 13:20

Páxina 12 de 13

Aprobado en Xunta de Goberno do 06/03/2018


CSV: 22EC4-8825A-42C2B-5D332

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



4. PLANO

A continuación presentase un plano de planta da sala de exposición PRINCIPAL E ANEXA onde se indican certos detalles de referencia para o contrato.



Vigo, sinatura dixital na data que figura á marxe

O xefe do servizo de comercio

José A. Hermida Fernández

O xefe de servizos xerais

Álvaro Crespo Casal

